

Profesorado do Centro

Vispo Freire, Diana	Ed. Infantil 3 anos A
Pombar Quevedo, Sonia	Ed. Infantil 3 anos B
López Blanco, Ana M ^a	Ed. Infantil 4 anos A
Martínez González, M ^a Clotilde	Ed. Infantil 4 anos B
Anta Barragán, Noemi	Ed. Infantil 5 anos A
Pereira González, Miriam	Ed. Infantil 5 anos B
Díaz Alonso, Rosa María	Apoio Ed. Infantil
Rúa Alonso, María del Carmen	Apoio Ed. Infantil
Rey Vila, Marta María	1º Primaria A
Mon Delgado, Ana María	1º Primaria B
Perianes Guitian, M ^a Saínza	2º Primaria A
Fernández Pan, M ^a Ángeles	2º Primaria B
Novoa Vázquez, Rosa María	2º Primaria C
Barge Rúa, Josefa	3º Primaria A
Vázquez Bouzas, Manuela	3º Primaria B
Dorribo Ares, Alfredo	4º Primaria A
Rodríguez Rodríguez M ^a del Carmen	4º Primaria B
Peaguda Pérez, M ^a José	5º Primaria A
Garrido López, José Manuel	5º Primaria B
Yañez Chaves, Sonia	6º Primaria A
Pato Conde, M ^a Pilar	6º Primaria B
Fortes Castro, M ^a Trinidad	6º Primaria C
García Lorenzo, José M.	Inglés
Martínez Marzoa, Ana	Inglés
Rodríguez Rodríguez, Iria	Inglés
Porto Rodríguez, Juan Francisco	Educación Física
Morais Gómez, Ana	Educación Física
Fernández Mosquera, Pablo	Música
García Rivero, José Ramón	Relixión católica
Ferro López, María Luisa	Relixión católica
Santiago Moraña, Jairo	Relixión Evanxélica
Reza Losada, Rita	Orientación
López Domínguez, Tatiana	Audición e linguaxe
Álvarez Parada, Elena	Audición e linguaxe
Prol Dorado, Tania	Audición e linguaxe
Blanco Simón, Clementina	Pedagogía Terapéutica
Álvarez Paz, Mary Trini	Pedagogía Terapéutica
Rúa Luis, Estefanía	Pedagogía Terapéutica

PERÍODOS DE VACACIÓNS

- Nadal: do 23 de decembro ao 6 de xaneiro, ambos inclusive.
- Entroido: 20, 21 e 22 de febreiro.
- Semana Santa: do 3 ao 10 de abril, ambos inclusive.
- Días festivos: Considéranse festivos, segundo o calendario escolar publicado pola Consellería de Educación, ademais dos do calendario laboral, os seguintes:
 - 31 de outubro: Día do Ensino
 - 2 días fixados polo Consello Escolar do centro. A proposta do centro, en coordinación cos outros centros de ensino da vila e pendentos de aprobación pola Xefatura Provincial de Ourense da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, serán o 5 de decembro e o 2 de maio.

PÁXINA WEB E BLOG DO CENTRO:

A nosa páxina web ten un carácter educativo e é onde se amosan as actividades que levamos a cabo no centro. Todo o alumnado do centro ten que ter autorizada ou non o uso da súa imaxe na mesma cada curso escolar polos seus pais/nais/titores legais. Se ao longo do seu período escolar no noso cole queren cambiar esa autorización deben expresalo cubrindo un impreso que está a súa disposición na administración do centro.

O centro tamén conta con perfís de FACEBOOK e de TWITTER onde podeades estar informados de todas as novas relacionadas co centro.



Rosalía
de Castro
Xinzo de Limia





Máis de
40 anos
formando
persoas

 ceip.rosalia.xinzo@edu.xunta.es

 <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprosalixinzo/>

 988 460 480

 /ceiprosalia.decastro  @ceiprosalixinz

R/ Rosalía de Castro 38 · 32630 Xinzo de Limia(OU)

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO

HORARIOS: O horario do centro durante todo o ano e de setembro e xuño será de 09.00 a 14.00 e os alumnos usuarios do comedor sairán ás 15.15h.

As entradas e saídas realizaranse polas portas asignadas a cada curso:

- Cancela automática: alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º.
- Cancela principal: alumnado de Ed. Infantil, 1º e 2º de Ed. Primaria.
- Cancela de transporte: para o alumnado transportado de todos os cursos

Será responsabilidade dos pais/nais/titores legais a recollida dos mesmos ás horas de saída do centro, non podendo responsabilizarse ao centro unha vez que saen do recinto escolar. **Segundo instrucións da Consellería, repartirase a todo alumnado do centro unha autorización para aqueles casos no que os nenos/as veñan ou marchen sos do centro ou acompañados por persoas maiores de idade distintas dos proxenitores ou menores autorizados.**

A asistencia ás clases dentro do horario escolar é de obrigado cumprimento para todo o alumnado do centro. O seu incumprimento terá consideración especial cando as faltas ou atrasos se produzan reiteradamente, informando de tal situación ás autoridades competentes.

HORARIO DE VISITAS:

Dirección: De luns a venres, de 09.00 ás 10.30

Administración: De luns a venres, de 09.00 ás 14.00

Titorías: Os luns, de 15.15 ás 16.15

Será necesario concertar unha cita previa co titor/a para obter unha mellor información sobre o alumno/a. Este trámite poderá facerse por ABALAR MÓBIL ou a través da axenda do alumnado.

Non está permitido que os pais/nais/titores legais accedan ás aulas no horario lectivo.

Para comunicar calquera suxerencia, incidencia ou continxencia relacionada con aspectos didácticos, os proxenitores dirixiranse en primeira instancia ás titoras/es do seu fillo/a.

FALTAS DE ASISTENCIA: As faltas de asistencia do alumnado serán xustificadas por escrito ante o TITOR/A polo pai/nai/titor/titora legal do alumno/a. Entregaráselle ao alumnado un impreso de xustificación despois da ausencia, que será devolto debidamente cumprimentado á súa titora/or nun prazo de tres días. Na maioría dos casos tamén será posible facer este trámite mediante a aplicación ABALAR MOBIL. Deben consultar esta posibilidade coa titora/titor do seu fillo/a. No boletín de notas faranse constar as faltas do todo o trimestre.

Se un alumno/a debe saír do centro durante o horario escolar, será recollido na administración do centro, previa autorización escrita que lle será facilitada polo centro, da persoa que o vén buscar. Cando un alumno/a chega fóra do horario de entrada ao centro, pasará co seu acompañante pola administración do centro para realizar o mesmo proceso anteriormente explicado.

NOTAS ESCOLARES: Comunicaranse ao longo do curso a través da aplicación **ABALAR MÓBIL** as cualificacións dos alumnos/as nos seguintes periodos:

- 1º trimestre: 22 de decembro
- 2º trimestre: 31 de marzo
- 3º trimestre: 21 de xuño

COMIDAS DE MEDIA MAÑÁ E ANIVERSARIOS: Este curso 2022/23 volve a posibilidade de celebrar os aniversarios do alumnado no centro. Para esta circunstancia consulte co titor/a do seu fillo/a.

Polo que respecta ás comidas de media mañá, participaremos activamente na campaña "Come rico, vive san" onde pretendemos fomentar hábitos de alimentación saudables. Por esta razón o profesorado de Educación Infantil ten fixado un cadro de comidas de media mañá axeitado ás idades do seu alumnado.

Para o alumnado de Educación Primaria solicitamos a colaboración de todas as familias para que a comida que lles enviades aos/ás vosos/as fillos/as sexa principalmente froita, bocadillos, ... evitando os produtos elaborados ou a "bollería industrial".

USO DE MÓBILES E CONSOLAS: Como norma xeral, non está permitido traer móbiles e consolas ao colexio. Se por causas excepcionais algún alumno/a precisase estes aparellos electrónicos, depositaraos na administración do centro para recollelos á hora de saída do centro. No caso de detectar que algún alumno/a incumpre esta normativa, requisarase o teléfono ou consola e só se entregará ao pai/nai/titor/titora legal do alumno/a.

INCIDENCIAS DENTRO DO HORARIO ESCOLAR: Cando se produza algunha incidencia (indisposición, enfermidade ou calquera accidente) cun alumno/a no centro dentro do horario escolar será comunicado inmediatamente ao pai/nai/titor/titora legal do mesmo/a. Para facilitar a comunicación co centro, os teléfonos de contacto e emerxencia deben estar actualizados, e comunicarlle ao titor/a do seu fillo/a calquera variación dos mesmos. Cotexen con eles os números de contacto que actualmente están na nosa base de datos.

Solicitamos que se interrompa o menos posible o ritmo normal das clases. Por esta razón os pais/nais do alumnado procurarán concertar as citas médicas ou doutra índole ás primeiras ou ás últimas horas da mañá.